

OBRA E AUTOR

El nombre den viento, de Patrick Rothfuss



DE QUE VAI

: Hai que comezar dicindo que este é un deses libros que non deberían ter valoracións escritas; a xente debería léelo e falar del, pero non contarlle a quen non o leu mais nada que unha opinión xeral; pero as normas do faladoiro obrigan, así que tentaremos non contar de mais ... A obra, primeira parte dunha triloxía de corte fantástico que leva por título *"Cronica del asesino de reyes"*, e cuxo segundo volume *"El temor de un hombre sabio"* xa foi publicado e agarda a ser valorado polos nosos sabios e sabias nun próximo faladoiro, conta a historia de Kvothe, un personaxe lendario que, tras anos retirado, accede a contar a un escribán os verdadeiros motivos polos que se converteu en lenda.

TÍTULO

: O título, realmente, mais aló de resultar chamativo, non aporta nada á obra nun primeiro momento, cando o ollamos na librería, pero cando xa se lee o libro e se entende o significado do termo e o cambio que relacionado con el acontece na vida do protagonista, colle moito mais sentido. Moito mais interesante é a contraportada, que reproducimos ó final deste artigo, e que é un parrafo collido do propio libro e que o resume á perfección, tanto estilisticamente falando como polo que se refire a historia en si.

ESTRUTURA

: O libro divídese en dúas liñas temporais: o presente, con narrador en terceira persoa; e o pasado, narrado directamente por Kvothe a partir das súas memorias e vivencias persoais. Cada volume representa un día na pousada, durante o cal de Kvothe narra ó Cronista unha parte da súa historia. A narración en primeira persoa ás veces vese interrompida por "*interludios*", nos que se presenta ós personaxes que frecuentan a pousada, e tamén imos coñecendo así, a contagotas, o que acontece no momento actual da historia.

ARGUMENTO

: A historia iníciase no presente, na pousada que rexenta Kvothe xunto a Bast, un dos personaxes misteriosos da obra do que apenas imos sabendo cousiñas co correr das páxinas, pero a trama desenvólvese sobre todo no pasado, dende a infancia do protagonista ata o seu primeiro ano na Universidade.. Contando a historia deses anos, narrada como dixemos nun so día, o protagonista desgránanos unha serie de feitos que pouco a pouco o foron transformando dende un simple neno que forma parte dunha troupe de artistas, a un personaxe de lenda...

CONCLUSIÓNS

En xeral, podemos dicir que estamos ante unha obra moi ben escrita, e iso é o primeiro que chama a atención, de feito case poderíamos dicir que, con independencia da historia, que poderá gustar mais ou menos, falamos dun libro redactado dun xeito sublime, tanto que parecera que non sobra unha sola palabra (magnífico traballo de tradución), cos xiros perfectamente calculados para que cando pareza que te cansas ou esqueces a cuestión fundamental que



Faladoiro Literario.

Asociación Cultural Herminio Barreiro

move ó protagonista, unha volta de folia volta conectarte coa historia; cunhas personaxes fantásticas (esa Auri, o mestre Elodin...os Chandrian), unha recreación do mundo e unha historia moi orixinais, onde on falta o amor, cunha forte presenza da música, e un tratamento dos standares do xénero fantástico moi racional (ese dragon, ou o tratamento da maxia, explicada e ensinada na universidade dun xeito científico, que recorda certamente á hogwarts, pero cun toque moito mais adulto e moitísimo mais interesante).

En resumo, podemos dicir que, se a cousa non se torce, en canto estea publicada a terceira parte desta triloxía, posiblemente poidamos falar dunha obra mestra do xénero, e converterase en lectura obrigada. De feito, a día de hoxe o escritor goza de fama mundial, e existe todo un crecente fenómeno fan o redor desta inacabada triloxía, que enche convencións, xera spin-offs como *“La musica del silencio”* protagonizada por Auri, e incluso e mais que probable que a triloxía teña a súa versión en forma de serie de TV.

“He robado princesas a reyes agónicos. Incendíé la ciudad de Trebon. He pasado la noche con Felurian y he despertado vivo y cuerdo. Me expulsaron de la Universidad a una edad a la que a la mayoría todavía no los dejan entrar. He recorrido de noche caminos de los que otros no se atreven a hablar ni siquiera de día. He hablado con dioses, he amado a mujeres y he escrito canciones que hacen llorar a los bardos. Me llamo Kvothe.

Quizá hayas oído hablar de mí.”